



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE MARZO DE 2026**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dous minutos do día tres de marzo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 24 de febreiro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 24 de febreiro de 2026.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Augas de Galicia, Resolución de 10 de febreiro de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de auditorías das redes de saneamento



para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU301D). DOG número 37, de 25-02-2026.

- Augas de Galicia, Resolución de 10 de febreiro de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de planes de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU301C). DOG número 37, de 25-02-2026.

- Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS 2026. BOP número 38, de 26-02-2026.

- Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras da adhesión ao Circuito de carreiras populares da Deputación da Coruña para concellos da provincia que sexan entidades organizadoras. BOP número 38, de 26-02-2026.

- Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras do programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática, para o ano 2026 (FO208/2026). BOP número 41, de 03-03-2026.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 20 de febreiro de 2026 ao 26 de febreiro de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 128/2026 e rematan coa resolución da alcaldía núm. 164/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
128/2026	20-02-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no seu informe de data 18.02.2026, isto tendo en conta o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 19.02.2026. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total 2.100,00 euros, en concepto de premios do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2024 en Cambre
129/2026	20-02-2026	Conceder, segundo a acta do xurado, os premios correspondentes ao concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2025. Conceder ás comparsas e carrozas participantes as gratificacións por participación, previstas nas bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € á comparsa que compre o establecido e de 300,00 € a cada unha das 7 carrozas con dereito. Ter por desistida á entidade MC S.C.G. da súa solicitude relativa ao 2º premio na modalidade de comparsas por non rectificar as deficiencias requiridas
130/2026	20-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local 24 de febreiro de 2026

131/2026	20-02-2026	Retrotraer as actuacións efectuadas ao momento anterior ao trámite de audiencia no expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado conserxería e limpeza campos de fútbol Daniel Mallo, Barcala Lendoiro e Os Pinares conserxería e limpeza campos de fútbol Daniel Mallo, Barcala-Lendoiro e os Pinares prestado pola empresa Os Ventos, Innovación en Servizos, SL
132/2026	23-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal do artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 27/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: NCL
133/2026	23-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de febreiro de 2026
134/2026	23-02-2026	Rectificar o punto primeiro da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía núm. 75/2026, do 29 de xaneiro, que resolve aprobar o reintegro dos fondos non xustificadas da subvención concedida ao Concello de Cambre para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no exercicio 2021, a prol da Xunta de Galicia
135/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa Pígara, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: JMLIB
136/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar no lugar de Lendoiro (parcela C), parroquia de Cecebre. Solicitante: CGM
137/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de MPF falecida o día 30 de decembro de 2025, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre en data 31 de decembro de 2025
138/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de HTV, falecido o día 2 de febreiro de 2026, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre, en data 3 de febreiro de 2026
139/2026	23-02-2026	Asignar o número 5 baixo exterior esquerda ao local destinado a vivenda situado na rúa Pintor Pablo Manzano
140/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de JSGdelaT, falecido o día 10 de xaneiro de 2026, foron depositadas, no cemiterio municipal de Cambre en data 15 de xaneiro de 2026
141/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RSA
142/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ARS
143/2026	23-02-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para as obras de

		ampliación de oficina de farmacia no lugar de Volteiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: MJPS
144/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de MFR falecida o día 30 de xaneiro de 2026, foron depositadas no cemiterio municipal de Cambre en data 2 de febreiro de 2026
145/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCZM
146/2026	23-02-2026	Conceder o duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JLL
147/2026	23-02-2026	Considerar desistida a MSNC a solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 30/10/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
148/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de JASP falecido o día 26 de decembro de 2025, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre en data 27 de decembro de 2025
149/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa Emilia Pardo Bazán, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: JGF
150/2026	23-02-2026	Considerar desistida a MCPM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 20/10/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
151/2026	23-02-2026	Personamiento no procedemento ordinario nº 37/2026 pola interposición de recurso contencioso-administrativo contra a inactividade do Concello na aprobación do proxecto de reparcelación do SAU RD2 así como ANEXO V: Proxecto de expropiación para a ampliación viaria para a conexión con sistemas xerais do Plan de sectorización do S.A.U. RD2-CASTROBOO
152/2026	23-02-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de maio 2025 por un importe total de mil 1.321,28 €
153/2026	23-02-2026	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do segundo trimestre do ano 2025. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do terceiro trimestre do ano 2025. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do cuarto trimestre do ano 2025, - Aprobar o mandamento de pago e o pagamento de 25.286,26 euros a prol da Axencia Estatal da Administración Tributaria
154/2026	24-02-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
155/2026	25-02-2026	Nomear como técnica de integración social interina, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase

		técnicos auxiliares, pertencente ao grupo de clasificación profesional "B" e adscrita á Área de Servizos Sociais, a LHR para o desenvolvemento do proxecto Amarí dirixido á inclusión social da poboación xitana, cunha duración ata o 30 de abril do 2027
156/2026	25-02-2026	Considerar desistida a DFdeS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 24/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
157/2026	25-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 20/01/2026, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: FDML
158/2026	25-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AMR
159/2026	25-02-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución de dous postes existentes no lugar de Castrobó, parroquia de Anceis, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas. Solicitante: TdeE, SA
160/2026	25-02-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso candidatos para nomeamentos interinos de enxeñeiros técnicos industriais
161/2026	26-02-2026	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza
162/2026	26-02-2026	Comparecer no procedemento ordinario 45/2026 sobre la medida cautelar solicitada por la parte recurrente Edar Bens SA, perante o Tribunal de instancia, sección do contencioso-administrativo praza número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial
163/2026	26-02-2026	Autorizar a EBD, funcionaria de carreira do Concello de Cambre, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, a prórroga da comisión de servizos no posto de xefa da Unidade Técnica de Infraestruturas I na Zona Centro de Portos de Galicia que está ocupando
164/2026	26-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na Travesía da Igrexa, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: MVL



#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á aprobación da memoria técnica valorada denominada “Pista deportiva do Temple (R/Otero Pedraio xunto a Eroski Center)”.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia do asunto vén motivada na necesidade de acelerar a contratación da prestación a executar.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

#### **- 4. ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA VALORADA DENOMINADA “PISTA DEPORTIVA DO TEMPLE (R/OTERO PEDRAIO XUNTO A EROSKI CENTER)”.**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 3 de marzo de 2026 (CVD: 06QHn8XQuDIJ6uehXXkO) que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

Vista a Memoria Técnica Valorada denominada “Pista deportiva do Temple (R/Otero Pedraio xunto a Eroski Center), de data 8 de outubro de 2025, asinada polo citado arquitecto, D. Antonio Rodríguez Fabello, técnico colaborador deste Concello en virtude de convenio interadministrativo formalizado en data 6 de outubro de 2025.

Esta Memoria ten como obxecto definir e valorar as actuacións necesarias para a substitución do peche perimetral da pista deportiva, incluíndo unha porta grande de acceso de vehículos, unha porta peonil, a mellora do elemento de apoio (muro de formigón armado) e o reposicionamento do cadro de alumeadado.

En uso das atribucións que me foron conferidas pola señora alcaldesa segundo a Resolución núm.396/2025, do 30 de abril, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**ÚNICO:** Aprobar a Memoria Técnica Valorada denominado “Pista deportiva do Temple (R/Otero Pedraio xunto a Eroski Center), de data 8 de outubro de 2025, asinada polo citado arquitecto, D. Antonio Rodríguez Fabello”.



Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 3 de marzo de 2026 (CVD: 06QHn8XQuDIJ6uehXXkO), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, di que a beirarrúa no cruzamento da Barcala entre a rúa Rio Mero e a rúa Rio Mandeo, a saída da porta do garaxe está en moi mal estado e pregunta se é viable que se repare.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que hai un buraco na estrada, que o está a avaliar o enxeñeiro técnico de obras públicas; que en canto á beirarrúa, chamará á brigada para que o mire.

O Sr. Varela Fraguio intervén e di que estiveron limpando o bordo da A-6 e na zona de Tuiño e hai unha árbore que está case tocando os cables da luz; que lle mandará a situación.

Continúa o Sr. Varela Fraguio, e manifesta que, como rogo, pensando na xuventude, propón que se estude publicar un formulario ou unha enquisa sobre as necesidades da mocidade e di que poderían traballar en conxunto nisto.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que está de acordo.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, manifesta que como se fixo o asfaltado no Temple, quedou un sen realizar, o da intersección da rúa Estanque de Abaixo coa rúa Luis Pimentel.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que terá que comprobar a listaxe e que o anota para que vaia a brigada.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo